

## Os "outros" de sempre

### Xitanidade, cidadanía e educación

Cathryn Teasley

Universidade da Coruña

[cathryn@udc.es](mailto:cathryn@udc.es)

*"[O] que non existe é, en verdade, activamente producido como non existente".*  
—Boaventura de Sousa Santos— (2005, p. 160, tradución do español)

A presenza histórica da identidade xitana en Galicia ocupa este artigo no que se trata de responder ás seguintes interrogantes: Como vivimos este tipo de diversidade cidadá nas nosas veciñanzas, nos nosos barrios, nas nosas escolas? Abrázase esta convivencia, ou máis ben se evita? Que papel xoga a escola neste contacto intercultural que comezou hai case 500 anos na península Ibérica? Como pode contribuír a fomentar a educación obrigatoria unha praxe cidadá intercultural que sexa gratificante e potenciadora da convivencia igualitaria e da xustiza social?

**Palabras clave:** cidadanía, xitanidade, educación pública, interculturalidade.

A estas alturas da historia moderna resultaría difícil negar que o noso mundo entrou nunha fase acelerada de globalización e de migracións humanas que asignan toda unha serie de novos desafíos importantes ás comunidades locais e ás súas institucións públicas. Non sorprende, pois, que a diversidade social e cultural procedente da inmigración teña despertado un grande interese popular, mediático, político, investigador e docente, en particular no relativo ao impacto que producen persoas acabadas de chegar doutros países nunha institución educativa occidental tradicionalmente homoxeneizadora (Torres Santomé, 1998). Mentres que se atende con tanto afán esta nova heteroxeneidade sociocultural, rara vez se reflexiona desde a mesma problematización conxuntural -a dialéctica local-global- sobre os "outros" de toda a vida: os xitanos e xitanas, ou *roma*.

Convén esclarecer que en tanto que os vocábulos *xitano* / *gitano* / *cigano* representan as auto-denominacións máis utilizadas polas poboacións xitanas ibéricas, o uso de *roma* ("xitanos" en *romanò*, a lingua histórica do pobo xitano) se reivindica desde os movementos xitanistas dedicados a establecer unha identidade étnica transnacional e historicamente informada. Neste ensaio empréganse ambos os termos indistintamente. O certo é que amplos sectores do pobo xitano continúan malvivendo nas marxes da sociedade, no esquecemento e na invisibilidade, cando non na exclusión ou incluso no perseguiemento.-

#### Un contacto intercultural en contexto

No ano 2002 aparecía nun diario o seguinte titular: "Quinientos alumnos de Secundaria recibirán clases de cultura gitana" (*La Opinión de A Coruña*, 19 de xuño de 2002, p. 8.). As ditas clases dábanse grazas ao lanzamento do *Proxecto Etnia*, un dos catro que integraron o Programa municipal de desenvolvemento xitano 2002 do Concello da Coruña. Non cabe dúbida que unha iniciativa destas características resultaba positiva en canto á súa potencialidade para impulsar a comprensión intercultural na cidade. Pero, ao mesmo tempo tiña, e aínda ten, outra lectura ben distinta: no fondo, o mero feito de ser titular dun xornal resulta tráxico, se consideramos os séculos de historia deste pobo na península Ibérica e, a pesar dela, o silencio educativo e social arredor da súa realidade.

É tráxico, ademais, visto o efecto acumulativo das políticas de persecución desatadas polos Reis Católicos contra os *Roma* pola súa vida en orixe nómada e relativamente autónoma. Algunhas destas políticas, que perduraron ata o século XX, incluían desde as misións de "cazar para matar" (xenocidio) e de "caza e captura" (escravitude e expulsión), até a campaña de xenocidio desencadeada polos nazis contra o pobo xitano durante a II Guerra Mundial, no que se calcula que entre 220.000 e 500.000 xitanos morreron nos campos de exterminio. Os séculos de hostilidade e opresión, xunto coa mecanización dos tradicionais oficios artesanais dos xitanos, levaron a gran parte da súa poboación a se instalar nas periferias da sociedade, na pobreza, na subsistencia. Segundo o Informe extraordinario do Valedor do Pobo sobre a situación da poboación xitana de Galicia do 2006, dos preto de 10.000 xitanas e xitanos galegos (un 0,25% da poboación xeral), máis de 3.000 residen na pobreza extrema das chabolas. Outra proba do grao de opresión que sufriron os *roma* ibéricos, en xeral, atópase no feito de ter perdido o uso da súa lingua orixinaria, o *romanò*, lingua que a ampla maioría dos xitanos europeos continúa a falar na actualidade. A represión lingüística que se practicou cun particular empeño na península contribuíu, ademais, á actual ausencia dun legado literario propio entre os xitanos ibéricos (Torrión, 1994).

Estas dinámicas daniñas conduciron ao longo da historia a unha situación de distanciamento tanto físico como simbólico entre o pobo xitano e as poboacións etnicamente maioritarias do Estado español. Desde estes últimos sectores, as formas de exclusión baséanse a miúdo, segundo investigadores como

relacionados

artigo de Experiencia, en Eduga 50

artigo de Qué é, en Eduga 52

San Román, (1997), en prexuízos etnocéntricos, xenófobos e racistas, por moito que uns insistan en que obedecen a outros criterios como o suposto "alto índice de delincuencia" ou a certos costumes percibidos como "retrógrados" ou "vulgares", ou inclusive ao racismo e rexeitamento que eles mesmos poidan expresar cara ás persoas non xitanas.

Tocante á primeira alegación sobre a delincuencia, mentres que é certo que en determinadas comunidades deprimidas nas que residen poden ser habituais actividades ilícitas como a venda de drogas, o contrabando ou a prostitución, tamén é verdade que faltan políticas sociais transformadoras. No seu lugar predominan as prácticas institucionais de concentración dos guetos fronte a medidas de intervención ou integración. Segundo explica o director territorial en Galicia da Fundación Secretariado Xitano, Santiago González Avión, no artigo "¿Tiene Galicia un 'problema gitano'?", publicado no diario *Faro de Vigo* o 29 de marzo do 2008, os gobernantes e as forzas de seguridade tenden a evitar intervir neles sempre que se manteñan autocontrolados e afastados das comunidades maioritarias.

Desde esta doutrina do *laissez-faire*, os guetos seguen a degradarse e autodestruirse con actividades delituosas. En todo caso, o simple feito de residir familias xitanas nestes asentamentos e barrios non significa que toda persoa xitana viva en guetos, nin que en toda comunidade chabolista prevaleza a delincuencia. Un mínimo contacto ou familiaridade cos concidadáns xitanos informa sobre o grao de etnocentrismo, racismo e mesmo xenofobia derivado desas xeneralizacións e estereotipos. A comezos do 2008 fomos testemuñas dunha serie de protestas populares fronte aos realoxamentos de familias xitanas que se estaban a realizar na Coruña, Pontevedra e Lugo, para deixar sitio aos grandes proxectos de construción.

Estas persecucións en terra galega coinciden nas mesmas datas con outras xurdidas noutros puntos: a queima en Italia de asentamentos xitanos enteiros nas cidades de Nápoles, Milán e Roma, e a entrada en vigor dunha normativa que facilitaba a expulsión das persoas desta etnia. Esta serie de casos actuais amosa unhas claras tinturas de racismo e xenofobia dificilmente negábeis nas relacións maioritarias cos *roma*. En relación cos citados racismo ou xenofobia *en reverso* (que os xitanos poidan practicar contra os outros), constitúe unha reacción tristemente habitual entre os pobos oprimidos durante séculos, e funciona como un mecanismo de suposta defensa e de contra-agresión fronte aos continuos ataques, procedentes das poboacións maioritarias, e iso por moi autodestruutivo que este e calquera tipo de racismo sexa a longo prazo (McCarthy e Dimitriadis, 2000; San Román, 1997).

Ademais, o racismo que practican os grupos dominantes ten un efecto multiplicador e, polo tanto, moito maior. O acontecido en Italia exemplifica isto de xeito máis contundente. Así mesmo, os investigadores Gonzalo Jover e David Reyero (2000) descubriron, a través dun estudo realizado entre máis de 250 escolares de educación primaria de Madrid, que os cativos tiñan máis problemas para aceptar as persoas xitanas que para asimilar as diferenzas raciais en xeral. Neste sentido, durante un estudo etnográfico que realicei nun centro de educación primaria da Coruña en 2001, unha mestra comentoume que se deu unha circunstancia moi parecida no seu, pero pedíume discreción para que non saíse máis información sobre aquilo na prensa.

No que atinxe aos medios de comunicación, as escasas noticias sobre o pobo xitano que se deciden difundir, tenden a ligarse a acontecementos negativos, polo que acaban contribuindo de xeito reiterado a procesos de marginación e invisibilización, cando non de persecución. Por exemplo, unhas informacións tan importantes e prometedoras como a recente Decisión Marco 2008/913/Jai do Consello de Europa do 28 de novembro do 2008, relativa á loita contra determinadas formas e manifestacións de racismo e xenofobia mediante o dereito penal, ou a Recomendación do Consello de Europa do 13 de maio do 2008, avanzada para combater a discriminación contra os xitanos, non se viron reflectidas na prensa maioritaria. Tampouco se sabe moito sobre o establecemento en España de dúas entidades públicas (sen precedentes) ao servizo dos dereitos civís do pobo xitano: o Consello Estatal do Pobo Xitano (creado en 2006) e o Instituto de Cultura Xitana (creado no 2007); nin se informou da manifestación en Roma do 11 de xuño do 2008 de 10.000 persoas xitanas (tamén sen precedentes), nin doutra de menor afluencia en Madrid, como resposta cidadá e pacífica á violencia xenófoba desatada en Italia contra os *roma*.

Tendo en conta este desencontro, ou non-vivencia intercultural, nas epígrafes seguintes examinaremos determinadas dimensións das políticas e institucións públicas que se veñen establecer para mellorar a convivencia cidadá en xeral, e as relacións entre cidadáns xitanos e os demais, en particular. Exploraremos o impacto que as medidas teñen neste labor e, en especial, o papel que xoga a escola pública local nel.

## Convivencia cidadá. Ámbitos de intervención ante o conflito

Tanto os problemas de convivencia antes citados, como as súas posibles solucións poden xurdir desde e entre diferentes espazos públicos de participación e representación cidadá. A figura 1 recolle estas esferas. Desde esta perspectiva transversal, baseada no que McCarthy e Dimitriadis (2000) denominan *relacionalidade*, poñemos a énfase na natureza dos ámbitos de intervención e representación públicas. Vemos como os espazos xurídicos de convivencia pública se estenden, do global ao local, nunha dinámica que vai a máis.




Figura 1: Interrelación dos principais espazos xurídicos nos que os conflitos de convivencia e de cidadanía se manifestan e se tentan resolver (elaboración propia)

Consideremos, por exemplo, o impacto das políticas da ONU, dos medios de comunicación internacionais sen ánimo de lucro, e da propia Internet. Cómpre que quede rexistrado neste plano global o xurdimento no ciberespazo dun movemento (trans)nacionalista (tamén sen precedentes) entre determinados membros activistas da diáspora xitana polo mundo, como resposta a esta perspectiva global. A continuación pasamos polo espazo continental-comunitario das institucións e políticas da Unión Europea (entre as que se inclúe a recomendación antes citada); e logo polo espazo estatal do Consello Estatal do Pobo Xitano, ou do Instituto de Cultura Xitana, e das diversas políticas de intervención dos ministerios e doutras entidades públicas (políticas dirixidas especificamente a escolares xitanos, como a educación compensatoria), até chegarmos ao ámbito rexional-autonómico.

No caso de Galicia, algunhas das políticas máis relevantes incluírían: a Lei 5/1989 da erradicación do chabolismo (con tres convenios vixentes de axudas aos concellos de Lugo, Culleredo e Poio); o II Plan galego de inclusión social 2007-2013; a proxectada posta en marcha dos “poboados de transición” nos procesos de realoxamento (un proxecto da Vicepresidencia da Xunta de Galicia de 2008); o recente documento-declaración do Parlamento de Galicia, “A prol da inclusión social”, adoptado por unanimidade o 27 de maio do 2008; e finalmente, a educación compensatoria (por moi pouco efectiva que resulte esta disposición na actualidade), entre outras medidas institucionais de atención educativa ás necesidades específicas do alumnado xitano de Galicia.

Baixando deses niveis de intervención pública chegamos aos espazos máis familiares de convivencia, nos que a inmensa maioría das cidadás e cidadáns vive o seu día a día: nas provincias, comarcas, aldeas, vilas e cidades e, en último término, nos barrios. Non obstante, como se explicou anteriormente, a dialéctica local-global (ou *glocal*) e as relacións intersectoriais conflúen nestes últimos e en todas as esferas de participación cidadá. A modo de exemplo, tanto o Programa municipal de desenvolvemento xitano como o Programa municipal de erradicación del chabolismo do 2002 da Coruña dependían de convenios co goberno autonómico e dirixíanse non só aos *roma*, senón aos habitantes da cidade en xeral. Mediante estes programas efectuáronse, ademais, tres procesos proactivos (planificados) de realoxamento.

O caso do colectivo asentado en Penamoa, que provocou tantas protestas cidadás na Coruña, ten un carácter bastante máis reactivo. Como explica o autor de *A comunidade xitana en Galicia 1990-2000*, Miguel Martín: “Penamoa vaise mover de lugar porque interesa [...]. É un traslado para que se constrúa a terceira rolda e para que cando entremos na Coruña co coche non vexamos un campamento miserábel” (*A Nosa Terra*, 3-9 de abril de 2008, p. 5). Ao mesmo tempo, o concello anunciou o rápido realoxamento doutro barrio pobre próximo con xitanos (O Portiño), xusto a tempo para que se constrúan aí 3.200 vivendas con só un 20% de pisos protexidos en vez do 40% que require a nova Lei de vivenda e solo, implantada logo.

## O barrio. Un espazo local de convivencia cidadá pública

Malia ser o espazo de convivencia do día a día, o barrio é un dos espazos de cidadanía máis afastados da idea común de participación democrática. Cales son, de feito, os ámbitos de interacción realmente públicos do barrio? Para citar algúns: a rúa e o transporte municipal, a praza, o parque, o centro público de saúde, os centros cívicos ou veciñais, o polideportivo, a biblioteca local e, como non, a escola. De todas estas instancias, a interacción cidadá diaria resulta máis intensa e sostida na escola (sobre todo, entre os nenos e nenas), polo que os centros educativos constitúen un espazo público local por excelencia. Cómpre constatar que a educación, como dereito humano e cidadán, é un ben máis propio do sector público, e que as prácticas procedentes do ámbito privado debilitan o control e o repartimento igualitario da educación.

## Practicar unha cidadanía inclusiva e integradora desde a escola

Dado o emprazamento privilexiado da escola pública para fomentar os valores da participación cidadá equitativa, esta constitúe un espazo que se ten que defender e reforzar se realmente queremos promover unha convivencia intercultural máis xusta. Propoñemos, entón, unha intervención pedagóxica inspirada no lema "pensar globalmente, actuar localmente", que leve a termo este compromiso coa natureza pública da educación, e cos valores democráticos que esta institución debe transmitir. Podemos sinalar tres grandes agrupamentos de praxe educativa para vertebrar esta proposta.

### Prácticas curriculares. Os contidos

Para comezar, todos os sectores implicados na escola deberían negociar o conxunto de valores democratizadores prioritarios que terían que traballar e plasmar no proxecto educativo de centro. Por exemplo: o respecto polas diferenzas culturais, o apoio mutuo, a solidariedade, o acceso igualitario á aprendizaxe e á participación escolar, o recoñecemento das identidades minoritarias, dos dereitos humanos e dos deberes cívís, e a resolución pacífica dos conflitos (Jares, 2001). En segundo lugar, debemos impulsar a presenza dos previamente excluídos dos coñecementos curriculares oficiais, e unha contextualización histórica das dinámicas entre os diferentes grupos socioculturais da cidadanía. Isto implica aumentar a visibilidade curricular das culturas dominadas (por exemplo, a perspectiva e voz xitanas, os movementos e logros cívís, etc.) e reducir o peso dos contidos dominantes de sempre.

### Prácticas metodolóxicas de ensino-aprendizaxe

A través da participación escolar, os axentes educativos deberían tentar maximizar o poder decisorio dos participantes con menos capital social e cultural, como é o caso da maioría dos *roma* de Galicia, tendo sempre presente a meta da igualdade de voz e de poder entre colectividades socioculturais. Cumpriaría practicar a discriminación positiva (ou "acción positiva", segundo a Lei 51/2003) cara aos menos favorecidos económica (clase social) e culturalmente (lingua, etnia, "raza", xénero) nas aulas.

A participación democrática debería irse construíndo pouco a pouco mediante unha práctica propia transformadora, co fomento diario de dinámicas dialóxicas, deliberativas e cooperativas nas aulas (facendo transversal desta maneira a Educación para a Cidadanía). Abordaríase o currículo de xeito global e interdisciplinar (Torres Santomé, 1998), para resaltar tanto a natureza interdependente e de relación do mundo (por exemplo, a vinculación entre as políticas de vivenda e a integración escolar), como os puntos de encontro entre as diferenzas.

A educación moral-cívica e a resolución de conflitos aprenderíanse mediante proxectos de investigación colectivos, con fins aplicábeis á mellora da realidade escolar ou local (por exemplo, mediante proxectos de investigación-acción).

### Prácticas organizativas

No plano organizativo, trátase de normalizar as asembleas escolares e de aula para fomentar unha cultura da deliberación, e de facilitar a presenza en procesos decisorios de nais e pais procedentes de colectivos menos participativos (neste caso, dos *roma*). Conviría invitar a persoas procedentes de comunidades desfavorecidas, ou de grupos marxinaos, que poidan servir como exemplos positivos para os seus e para os demais (activistas xitanos). É preciso loitar por máis participación democrática nos medios de comunicación desde as escolas (radio, televisión, Internet e outros medios) e promover o ciberespazo como ben público. É necesario, á parte, alentar máis proxectos de cooperación entre os concellos e as escolas para establecer puntos de encontro habituais entre ámbitos educativos formais e non formais (bibliotecas municipais, teatros, os medios, museos, centros cívicos, etc.) (Caride e Pose Porto, 2008).

## Bibliografía

- CARIDE, J. A. e POSE PORTO, H. (2008) "Comunidades que educan", *Grial*, (177) (xaneiro-marzo) 36-41.
- JARES, X. R. (2001) *Educación y conflicto: guía de educación para la convivencia*. Madrid, Popular.
- JOVER, G. e REYERO, D. (2000) "Images of the other in childhood: researching the limits of cultural diversity in education from the standpoint of new anthropological methodologies". *Encounters on Education/Encuentros sobre Educación/Rencontres sur l'Éducation*, 1 (Fall/otoño). Recuperado o 16 de xuño de 2008 da pág. web: [http://educ.queensu.ca/publications/encounters/volume1/jover\\_reyero.pdf](http://educ.queensu.ca/publications/encounters/volume1/jover_reyero.pdf).
- MCCARTHY, C. e DIMITRIADIS, G. (2000) "Globalizing pedagogies: power, resentment, and the renarration of difference" (70-83), en MAHALINGHAM, R. e MCCARTHY, C. (Eds.) *Multicultural curriculum: new directions for social theory, practice, and policy*. New York, Routledge.
- SAN ROMÁN, T. (1997) *La diferencia inquietante: viejas y nuevas estrategias culturales de los gitanos*. Madrid, Siglo XXI.
- SANTOS, B. de Sousa (2005) *El milenio huérfano: ensayos para un nueva cultura política*. Madrid/Bogotá, Trotta/ILSA.
- TORRES SANTOMÉ, J. (1998) *Globalización e interdisciplinariedad: el curriculum integrado*. Madrid, Morata. (3ª Ed.).
- TORRIONE, M. (1994) "El gitano-español: de la etiqueta germanesca a la catalogación lingüística (siglos XV-XVIII)" (95-112). En MARTÍN ROJO, L. e Outros (Eds.) *Hablar y dejar hablar (sobre racismo y xenofobia)*. Madrid, Universidad Autónoma de Madrid.

 [Imprimir páxina](#)

## O MÁIS VISTO

[Accesibilidade do sitio web](#)

## COLABORA COA REVISTA

[Cartas á directora](#)

## OUTRAS SECCIÓNS

[Axenda](#)  
[Actualidade: Eurydice](#)  
[Tribuna](#)  
[Lexislación](#)  
[Hemeroteca](#)  
[Editorial](#)

Plan de Acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema

Eurydice, a rede europea de información sobre educación

Declaración mundial "Aprender a través do xogo". OMEP 2010

Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias

Reiníciense as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos

Experiencias

Investigación

Foro

[Mediateca](#)  
[Que é](#)

[Blogs](#)  
[Créditos da revista](#)